

## SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

# Seguimento e Melloras das titulacións

CÓDIGO DO-0102 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 02/10/2023	Data e sinatura	Data e sinatura

## Proceso

Xestión dos programas formativos

### Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseándose fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución do procedemento inicial PE03 «Deseño da oferta formativa do centro». Creación do procedemento coa denominación; deseño, autorización e verificación dos títulos oficiais. Nova codificación, trama de redacción e estrutura. Novos contidos.
05	02/10/2023	Área de Calidade	Actualización do procedemento para responder ás especificacións da nova normativa (RD 822/2021, RD 640/2021 e a LOSU)

## Índice

---

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	8
V Anexos	11

---

## I OBXECTO

Recoller o sistema que permite asegurar a execución efectiva das ensinanzas conforme o recollido no plan de estudos da titulación correspondente e identificar as principais debilidades e as boas prácticas; todo, como punto de partida cara á mellora continua e como garantía para a acreditación dos títulos.

---

## II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ás titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro, con independencia de se o centro está acreditado institucionalmente ou non. Exclúense os títulos interuniversitarios que se rexen polo establecido no convenio asinado. De non existir regulación específica no convenio rexeranse polo presente procedemento.

---

## III REFERENCIAS

### III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

#### **Lexislación**

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real Decreto 640/2021, de 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.
- Real Decreto 1509/2008, do 12 de setembro, de rexistro de universidades, centros e títulos.
- Orde, do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, e as súas instrucións de desenvolvemento.
- Resolución do 3 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións sobre o procedemento para a acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas, e se publica o Protocolo para a certificación de sistemas internos de garantía de calidade dos

centros universitarios e o Protocolo para o procedemento de avaliación da renovación da acreditación institucional de centros universitarios, aprobados pola Conferencia Xeral de Política Universitaria.

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

#### **Outros documentos de referencia:**

- ACSUG: Guía de Avaliación para o seguimento e a renovación da acreditación de títulos oficiais de grao e máster.
- REACU: Protocolo de avaliación para o seguimento e a renovación da acreditación de títulos universitarios oficiais de grao e máster universitario.

### **III.2. Definicións**

– Seguimento: Procedemento que consiste na análise do desenvolvemento do plan de estudos dun título universitario oficial co obxectivo de valorar o cumprimento cos criterios e formulacións académicas fundamentais recollidas na memoria do plan de estudos. Este procedemento desenvólvese polos centros docentes a través dos órganos establecidos na normativa de Universidade, e realízase polo menos un informe de seguimento, preceptivo transcorridos tres anos da implantación efectiva ou da renovación da acreditación. Segundo o Real Decreto 822/2021 o procedemento distingue, se o centro está acreditado institucionalmente ou non está acreditado institucionalmente.

– Acreditación: proceso obrigatorio, legalmente establecido, que ten como finalidade renovar a acreditación dos títulos e consiste nun proceso de avaliación cíclica para supervisar a execución efectiva das ensinanzas e comprobar que os seus resultados son axeitados e contribúen á formación do estudiantado.

– Acreditación Institucional: é un mecanismo para garantir a calidade académica global dun centro universitario. Instrumentase mediante o sistema interno de garantía da calidade, que debe asegurar una formación cun nivel de competencia e a adecuación aos criterios estandarizados de calidade do servizo docente prestado e debe responder ás esixencias do estudiantado e da sociedade. A acreditación institucional comportará a renovación da acreditación do conxunto de títulos universitarios oficiais que se impartan neste centro. Os requisitos que deberán cumprir os centros universitarios para a súa obtención son:

- A renovación da acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de grao, a metade dos títulos oficiais de máster e a metade dos títulos oficiais de doutoramento.
- Dispoñer da certificación da implantación do seu sistema interno de garantía de calidade.

– Memoria de verificación: memoria para solicitar a verificación de títulos oficiais nos termos establecidos no anexo II do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

– Memoria de titulación: documentación legalmente esixida para implantar plans de estudo conducentes á obtención de títulos oficiais que inclúe:

- Memoria xustificativa, fidedigna e detallada do cumprimento dos requisitos xerais e específicos, recollidos nos artigos 4 e 5 do decreto 222/2011.
- Memoria económica, que incluírá os datos relativos á infraestrutura material, os recursos de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, consonte o establecido no artigo 7 do Decreto 222/2011.

– Verificación: procedemento legalmente establecido para avaliar os plans de estudo antes da súa implantación nas universidades.

– Modificación de memoria: refírese á actualización levada a cabo no marco dunha titulación oficial xa verificada, aprobada e xestionada de acordo cos procedementos internos da universidade, e da normativa estatal e autonómica vixente, co fin da súa mellora continua e a súa actualización do plan de estudos ao entorno socio económico. Considéranse modificacións aqueles cambios que non afecten significativamente á estrutura, natureza e/ou obxectivos do título verificado. Segundo o Real Decreto 822/2021, os cambios poden clasificarse en Modificacións substanciais e non substanciais

### III.3. Abreviaturas e siglas

- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- BOE: Boletín Oficial do Estado.
- CAD: Comisión de Avaliación Docente.
- COAP: Comisión de Organización Académica do Profesorado.
- DOG: Diario Oficial de Galiza.
- EAD: Enquisa de avaliación docente do profesorado.
- EEES: espazo europeo de educación superior.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- QSP: Queixas, Suxestións e Parabéns.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- UAP: Unidade de Análises e Programas.

---

## IV DESENVOLVEMENTO

### IV.1. Finalidade do proceso

Garantir a execución efectiva das ensinanzas é conforme ao establecido no plan de estudos, asegurar a dispoñibilidade pública da información relevante, detectar posibles deficiencias e identificar boas prácticas no desenvolvemento do ensino e aportar suxestións ou recomendación que permitan a mellora continua, con independencia se o centro docente estea ou non acreditado institucionalmente.

### IV.2. Responsable do proceso


- Coordinación da titulación.
- Coordinación de calidade do Centro.


### IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo





---

## V ANEXOS

### Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DO-0102	Informe Final de Seguimento Externo	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R2 DO-0102	Plan de Mellora	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R3 DO-0102	Informe de Revisión Interna	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos